

Exposición

'Minerais. Ver o Invisible. De Haüy á ermeloíta' – 2ª edición

Desde o 26 de marzo de 2024

Museo de Historia Natural da USC

Parque Vista Alegre s/n

Santiago de Compostela

Unha mostra para descubrir o mundo da mineraloxía científica desde unha perspectiva didáctica e creativa

A 2ª edición da exposición '**Minerais. Ver o Invisible. De Haüy á ermeloíta**' achega á sociedade unha nova perspectiva da investigación mineralóxica que se desenvolveu e se desenvolve en Galicia. Promovida pola Área de Infraestruturas de Investigación e o Museo de Historia Natural (MHN) da Universidade de Santiago de Compostela (USC), abrirá as súas portas o martes 26 de marzo nas salas propio museo.

En '**Minerais. Ver o Invisible. De Haüy á ermeloíta**' o pasado aparece en forma de homenaxe ao investigador do século XVII René Just Haüy, considerado un dos fundadores da cristalografía e mineraloxía modernas e a quen se dedicou o Ano Internacional Mineralóxico 2022. O presente móstrase nunha escolma de resultados realizados con modernas técnicas de análise mineralóxica e coa presentación do novo mineral galego, a ermeloíta, que quedará depositada de forma permanente no MHN. Este é o terceiro mineral descuberto en Galicia, tras a morenosita e a cervantita, descritos a mediados do século XIX.

O novo mineral foi descuberto no monte Ermelo en 2022 polos investigadores da USC Carlos Rodríguez Vázquez, Moisés Núñez García e Manuel Cerviño Ferverza e foi estudado cientificamente por persoal técnico da Área de Infraestruturas de Investigación da Vicerreitoría de Política Científica da USC. Tras o seu achado, arrancou un proxecto divulgativo conxunto entre a Área de Infraestruturas de Investigación e o Museo de Historia Natural da USC, que abrangue o período 2022-2026, diferentes actividades divulgativas de mineraloxía científica (obradoiros, saídas ao campo e conversas) orientadas a diversos públicos con grande éxito de asistencia. Este esforzo de difusión pódese apreciar nesta 2ª edición da exposición que reemplaza á 1ª edición que tivo lugar no Salón do Artesoado do Pazo de Fonseca o pasado verán de 2023.

A exposición poderá ser visitada de balde con horario de 10 a 14 e de 16.30 a 20 horas, de martes a sábado, domingos e festivos de 11 a 14 horas.

Máis información en: <https://blog.riaidt.com/proxecto-divulgacion-mineraloxia-2022-2023>







MINERAIS VER O INVISIBLE

De Haití á ermeloíta

Con motivo da conmemoración do Ano Internacional da Mineraloxía 2022, o Consello de Infraestruturas de Investigación e o Museo de Historia Natural (MHN) da USC desenvolveron un proxecto de divulgación que consiste en dúas exposicións que se exhiben no Colección de Fonseca no ano 2023 e que agora adaptamos a este espazo.

Os dous expositivos fundamentais, relatados a través dunha visión artística, están postos en valor da mineraloxía René Just Haiy e dos seus modelos cristalinos, así como os materiais depositados no MHN, e a presentación de novo mineral galego, o ermeloíta, descuberto pola Área de Infraestruturas de Investigación da USC.

COMISARIADO

Juanma Cutrín, Xoana Pintos, Óscar Lantes e Javier Iglesias

CREACIÓN ARTÍSTICA

Mónica Mura

ORGANIZA E COORDINA COLABORA

Área de Infraestruturas de Investigación Área de Cultura
(Vicerreitoría de Política Científica, USC) (Vicerreitoría de Estudiantes e
Museo de Historia Natural da USC) Consello Social da USC



MINERAIS VER INVISIBLE

De Haiüy á ermeloíta

Con motivo da conmemoración do Ano Internacional da Mineraloxía 2022, a Área de Infraestruturas de Investigación e o Museo de Historia Natural (MHN) da USC desenvolveron un proxecto de divulgación que concluiu cunha exposición que tivo lugar no Colexio de Fonseca no ano 2023 e que agora adaptamos a este espazo.

Os eixos expositivos fundamentais, relatados a través dunha visión artística, son dous: a posta en valor do minealoxista René Just Haiüy e dos seus modelos cristalográficos orixinais depositados no MHN, e a presentación do novo mineral galego, a ermeloíta, descuberto pol Área de Infraestruturas de Investigación da USC.

COORDINADO POR
Juanma Cutriñá, Xoana Fernández e Javier Iglesias

CREACIÓN ARTÍSTICA
Marta...



A ermeloíta, o novo mineral galego

